



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Segundo Idioma Moderno I: Francés		Código	662G01019
Titulación	Grao en Turismo			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánFrancés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Suárez , Jean-Paul	Correo electrónico	jean-paul.suarez@col.udc.es	
Profesorado	Regueiro Diehl, Maria Mercedes	Correo electrónico	mercedes.regueiro.diehl@udc.es	
	Suárez , Jean-Paul		jean-paul.suarez@col.udc.es	
Web				
Descrición xeral	Esta materia foi deseñada para proporcionar ao alumnado os coñecementos lingüísticos e comunicativos necesarios para desenvolverse a nivel básico nun francés usual e técnico en situacións profesionais do mundo do turismo.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A6	Ter unha marcada orientación de servizo ao cliente.
A13	Manexar técnicas de comunicación.
A15	Traballar en inglés como lingua estranxeira.
A16	Comunicarse de forma oral e escrita nunha segunda lingua estranxeira.
A17	Comunicarse de forma oral e escrita nunha terceira lingua estranxeira.
A29	Traballar en medios socioculturais diferentes.
A33	Creatividade.
A35	Motivación por calidade.
B1	Capacidade de análise e síntese.
B2	Comunicación oral e escrita en lingua nativa.
B3	Resolución de problemas.
B4	Razoamento crítico.
B5	Compromiso ético.
B6	Aprendizaxe autónoma.
B7	Adaptación a novas situacións.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



Aprender as estruturas gramaticais da lingua a nivel básico.	A13 A16 A17 A29	B2 B6	C1 C2
Aprender termos relacionados con distintos campos semánticos, facendo especial fincapé no léxico de carácter profesional.	A6 A13 A15 A16 A17 A29 A35	B1 B3 B4 B5 B6 B7	C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8
Coñecer aspectos da vida cultural, costumes, normas de convivencia, etc. en Francia.	A6 A13 A16 A17 A29 A35	B1 B3 B4 B5 B6 B7	C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8
Participar en conversacións simples con francófonos	A6 A13 A16 A17 A29 A33 A35	B1 B3 B4 B5 B6 B7	C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8
Comprender e producir mensaxes orais en situacións diversas de comunicación : habituais, persoais e profesionais.	A6 A13 A16 A17 A29 A33 A35	B1 B3 B4 B5 B6 B7	C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8

Contidos	
Temas	Subtemas



<p>Leçon 0 : Les Présentations.</p>	<p>La leçon 0 nous permettra d'asseoir les bases du français.</p> <p>COMMUNICATION:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Savoir se présenter - Savoir dire les dates - Savoir épeler - Introduction aux règles de prononciation du français. <p>GRAMMAIRE:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Pronoms personnels Sujet et Tonique - Les formes interrogatives du français - Introduction à la conjugaison - Adjectifs possessifs. - Adjectifs démonstratifs et étude des déictiques. - Articles (défini et indéfini) - Concept Partitif: <ul style="list-style-type: none"> - Article partitif et adverbes de quantité. - Négation. <p>VOCABULAIRE:</p> <p>Sens et valeurs du "vous".</p> <p>Alphabet</p> <p>Nombres ordinaux et cardinaux.</p> <p>Jours de la semaine, mois de l'année et les quatre saisons.</p>
<p>Situation 1 : "À l'aéroport".</p>	<p>COMMUNICATION:</p> <p>Savoir conseiller, donner des ordres et saluer.</p> <p>Dire les heures.</p> <p>Savoir parler au passé.</p> <p>GRAMMAIRE:</p> <p>Conjugaison: les 3 groupes</p> <ul style="list-style-type: none"> - Prépositions de lieu et concept de la préposition "chez". - Périphrases verbales (Passé récent, Présent continu et Futur proche). - Impératif. - Les Présentatifs. - Imparfait de l'Indicatif (morphologie et utilisation). - Passé Composé (morphologie et utilisation). - Pronoms complément OD et OI (morphologie et utilisation). <p>VOCABULAIRE:</p> <p>Salutations et moments de la journée</p> <p>Les moyens de locomotion</p> <p>La famille</p> <p>Les heures</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A6 A13 A16 A17 A29 A35 B1 B3 B4 B5 B6 B7 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	2	0	2



Sesión maxistral	A6 A13 A16 A17 A29 A35 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C6 C7 C8	25	37.5	62.5
Glosario	A6 A13 A15 A16 A17 A29 A35 B1 B3 B4 B5 B6 B7 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	0	10	10
Obradoiro	A6 A13 A16 A17 A29 A35 B1 B3 B4 B5 B6 B7 C2 C4 C5 C6 C7 C8	18	54	72
Traballos tutelados	A16 A17 A33 B1 B3 B4 C2	1	0	1
Proba mixta	A16 A17 A33 B1 B3 B4 C2	1.5	0	1.5
Atención personalizada		1	0	1
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Presentación da materia e consignas de traballo.
Sesión maxistral	As clases maxistrais están orientadas cara á adquisición dos coñecementos lingüísticos e culturais necesarios para desenvolver as competencias estudadas.
Glosario	O alumnado terá que estudar de forma autónoma as diferentes listas de vocabulario que aparecen nas " Situations" estudadas.
Obradoiro	Os obradoiros coinciden na súa temporalidade cos temas teóricos aos que corresponden. Neles, practícaranse ben con exercicios gramaticais, ben con frases, ben con prácticas do oral, os temas abordados nas sesións maxistrais.
Traballos tutelados	O alumnado terá que realizar unha Cotización dunha viaxe turística e unhas redaccións.
Proba mixta	Exame escrito de 1h30 de duración centrado nos coñecementos gramaticais, estruturais e lexicais do alumnado así como nos seus coñecementos acerca das situacións de comunicación que foron abordadas ao longo do curso. O exame constará das seguintes partes : exercicios de gramática, tipo test, tradución do español ao francés na que entrarán o vocabulario e os puntos gramaticais abordados.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro Actividades iniciais Traballos tutelados	Observacións para o "Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia?": O alumnado exento de asistencia a clase, deberá poñerse en contacto individualmente co profesor para a elaboración dun plan de traballo personalizado.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Proba mixta	A16 A17 A33 B1 B3 B4 C2	O exame estará centrado nos coñecementos gramaticais, estruturais e lexicais do alumnado así como nos seus coñecementos acerca das situacións de comunicación abordadas durante o curso e os traballos realizados. O exame constará das seguintes partes: exercicios de gramática, tipo test, tradución do español ao francés na que entrarán o vocabulario explicado, as estruturas e os puntos gramaticais abordados. No exame escrito o alumnado deberá obter unha nota mínima igual ou superior a 5 para poder aprobar a materia.	60
Traballos tutelados	A16 A17 A33 B1 B3 B4 C2	O alumnado terá que realizar unha Cotización dunha viaxe turística e unhas redaccións.	40

Observacións avaliación

Na convocatoria ordinaria, se o exame escrito está suspenso, a nota final será a nota do exame escrito.

- Na convocatoria ordinaria, co exame escrito aprobado, valorarase a asistencia obrigatoria do alumnado ao longo do cuadrimestre (o alumnado non poderá superar un 10% de faltas con ou sen xustificación). Sumarase 0.5 puntos ou se restará 1 punto á nota final.

- Para aprobar a materia, o alumnado deberá obrigatoriamente obter unha cualificación final igual ou superior a 5.

- O aprobado da materia estará supeditado, calquera que sexa a convocatoria, á realización das presentacións orais e á entrega dos traballos escritos, aínda que, só puntuarán na convocatoria ordinaria se a proba escrita foi superada.

Observacións para o "Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia?":

Este alumnado deberá realizar os traballos e as presentacións orais de obrigado cumprimento segundo as pautas marcadas no plan de traballo personalizado e aprobar o exame, non valorándolle a asistencia a clase.

O alumnado que non se presente ao exame, obterá a calificación de "no presentado", calquera que sexa a convocatoria.

Atención a diversidade: "A materia

podrá ser adaptada ao estudantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñíbeis na UDC/no Centro: nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico,

coa Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>); no seu defecto, coa Titora ADI da Facultade de Turismo

Fontes de información

Bibliografía básica	- (). Bescherelle : L'Art de Conjuguer (nueva edición). Didier/Hatier
Bibliografía complementaria	- (). Dictionnaire Français-Espagnol/Espagnol-Français. Larousse - Guy Capelle, Jean-Louis Frérot, Amparo Domínguez, Alicia Ruiz (). Gramática Básica de la Lengua Francesa. Sociedad Española de Librería, S.A - (). Gramática Francesa. Larousse - (). Grammaire Cours de Civilisation Française de la Sorbonne: 350 Exercices Niveau Débutant. Hachette - Monnerie, Annie (). Le Français au Présent. Alliance Française, Didier/Hatier

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario



Segundo Idioma Moderno II: Francés/662G01029

Segundo Idioma Moderno III: Francés/662G01034

Observacións

 Recomendamos ao alumnado que planifique o seu traballo durante todo o curso, seguindo a materia de forma continuada e realizando puntualmente as tarefas. O continuo esforzo permitiralle levar a materia de forma cómoda, apoiar os contidos novos nos previamente adquiridos e asumir as pautas así como o ritmo de traballo que irá marcando o profesor. Nesta liña, o alumnado deberá facer as frases e os exercicios propostos para a sesión na que se vaian a corrixir. As actividades prácticas están relacionadas coa teoría que se trate en cada momento e, por iso, a súa realización debe ir á vez co estudo desta. O alumnado deberá estudar de forma crítica e selectiva, aprendendo a distinguir os contidos teóricos fundamentais dos exemplos e deberá saber relacionalos. A participación e implicación no traballo colectivo permitiranlle asentar os contidos e desenvolver a súa capacitación comunicativa. O profesor proporcionará ao alumnado as pautas de estudo e traballo e resolverá as dúbidas expostas.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías